

Estimado/a veciño/a,

Póñome en contacto con vostede para informarlle que o vindeiro 21 de novembro a Deputación de Pontevedra presentará en Valga o proxecto **Repoblar** para a comarca de Caldas.

O proxecto **Repoblar**, Rede Pontevedra Banda Larga Rural, é unha iniciativa da Deputación de Pontevedra que traerá ata a nosa comarca a posibilidade de acceso a internet de banda larga co prezo máis baixo de España: 17 € ó mes (IVE non incluído).

Neste proxecto a Deputación de Pontevedra, xunto coa Unión Europea e en estreita colaboración coa Xunta de Galicia, investiu máis de 7,5 millóns de euros, e permitirá que, a través da marca *tngo* do operador *Iberbanda*, os pontevedreses, vivamos onde vivamos, teñamos os mesmos servizos e as mesmas oportunidades de acceso á sociedade da información. De feito, grazas a **Repoblar**, xa é posible que o 96% da poboación da provincia de Pontevedra poida acceder a internet a través dunha conexión de banda larga.

Escuso lembrarlle a importancia das Novas Tecnoloxías, da Sociedade da Información e de Internet no desenvolvemento das nosas vidas e de cara á competitividade dos distintos sectores e produtos da nosa sociedade.

Por todos estes motivos, e dada a importancia do acontecemento, espero contar con vostede na presentación do proxecto **Repoblar**, que terá lugar o vindeiro día **21 de novembro ás 12:00 h no Auditorio Municipal de Valga (en Cordeiro)**.

PRESENTACIÓN COMARCAL DE REPOBLAR EN Valga (CALDAS)			
CONCELLO	DATA	HORA	LUGAR
Valga	21/11/2010	12:00	Auditorio Municipal de Valga (Cordeiro)

Tamén quero aproveitar a ocasión para comunicarlle que en vindeiras datas terán lugar as seguintes presentacións informativas en cada un dos concellos da nosa comarca:

PRESENTACIÓNS INFORMATIVAS LOCAIS (COMARCA DE CALDAS)			
CONCELLO	DATA	HORA	LUGAR
Caldas de Reis	22/11/2010	19:30 h	Auditorio Municipal de Caldas
Moraña	22/11/2010	20:45 h	Casa de cultura de Moraña
Cuntis	23/11/2010	19:30 h	Centro Sociocultural e Xuvenil José Raído Patelas
Portas	23/11/2010	20:45 h	Casa de cultura de Portas
Catoira	25/11/2010	19:30 h	Salón de plenos do Concello
Pontecesures	25/11/2010	20:45 h	Salón de plenos do Concello

Unha aperta,

Nome do alcalde

Alcalde de...

Nome do concello, 15 de novembro de 2010